AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

SERVIZO DE CITA

V.20260917 - GL

1. CONSIDERACIÓNS XENÉRICAS

O calendario de citas está aberto de forma permanente para os próximos 15 días.

Actualmente podes solicitar cita para os seguintes trámites:

- Presentación de modelos 600, 620, 650, 651 e 660.
- Información sobre un expediente existente ou sobre un trámite administrativo derivado dun procedemento de xestión ou recadación cuxa competencia corresponda a órganos da Axencia Tributaria de Galicia.
- Solicitude de certificado de ausencia de débedas.
- Información tributaria xeral sobre Transmisións Patrimoniais, Vehículos, Sucesións, Doazóns, Recadación, Tributación sobre xogo, Tributos propios e taxas e Patrimonio. Para este tipo de información, podes solicitar unha cita para ser atendido de xeito telefónico ou presencial.
- Solicitar asistencia na confección dos modelos 600 e 620.


A información tributaria de carácter xeral tamén podes obtela no número de información ao contribuínte 881 955 800, así como nos distintos números das Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario da Provincia da Coruña en horario de 9 a 14 horas.

Se precisas solicitar cita no marco dun procedemento inspector, debes chamar ao número de teléfono que figura no escrito de comunicación de inicio do devandito procedemento.


Para as consultas sobre un expediente existente ou sobre un trámite administrativo derivado dun procedemento de xestión ou recadación, podes elixir entre ser atendido de xeito telefónico ou presencial.

Para este tipo de citas, é preciso indicar un código seguro de verificación (CSV) ou un código de verificación electrónico (CVE), segundo corresponda. Este código figura no documento emitido pola Administración sobre o que queres realizar a consulta (ver imaxe seguinte). Como excepción, nas citras presenciais para consulta sobre expedientes de recadación e embargos non é obrigatorio indicar este código.

Exemplo de CSV (figura na parte inferior do documento, en horizontal):



Exemplo de CVE (figura na marxe do documento, en vertical):



2. CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

2.1. DEPENDENDO DA OFICINA XESTORA OS TRÁMITES PARA OS QUE PODES SOLICITAR CITA SON OS SEGUINTES:

a) Nas Delegacións de A Coruña, Ourense e Vigo:
   - Vehículos. Información/Presentación Modelo 620;
   - Transmisións. Información/Presentación Modelo 600;
   - Sucesións/Doazóns. Información/Presentación Modelos 650/651/660;
   - Información expediente existente (SUC/DOA/TRA/VEH) ;
   - Asistencia na confección do modelo 600;
   - Asistencia na confección do modelo 620.

b) Na Delegación de Pontevedra:
   - Transmisións/Vehículos. Información/Presentación Modelo 600/620;
   - Sucesións/Doazóns. Información/Presentación Modelos 650/651/660;
   - Información expediente existente (TRA/VEH);
   - Informacións expediente existente (SUC/DOA);
   - Asistencia na confección do modelo 600;
   - Asistencia na confección do modelo 620.

c) Na Delegación de Lugo:
   - Transmisións/Vehículos. Información/Presentación Modelos 600/620;
   - Sucesións/Doazóns. Información/Presentación Modelos 650/651/660;
   - Información expediente existente (TRA/VEH);
   - Informacións expediente existente (SUC/DOA);
   - Asistencia na confección do modelo 600;
   - Asistencia na confección do modelo 620.

d) Na OLDH de Santiago:
   - Información e presentación Modelos 600/620 (TRA/VEH);
   - Información e presentación Modelos 650/651/660 (SUC/DOA).

e) Nas oficinas que se relacionan de seguido podes pedir cita para un trámite xenérico denominado Información e presentación de Sucesións, Doazóns, Transmisións e Vehículos (modelos 650, 651, 660, 600 e 620).
   - OLDH de A Coruña: Betanzos, Carballo, Ferrol, Negreira, Noia, Ordes, Padrón, Pontedeume.

f) Nas oficinas que se relacionan de seguido podes pedir cita para un trámite xenérico denominado presentación Sucesións, Doazóns, Transmisións e Vehículos (modelos 650, 651, 660, 600 e 620).
   - ODH de Pontevedra: A Estrada e Vilagarcía de Arousa.

g) No resto das OLDH e ODH indicarase un número de teléfono para solicitar cita.

h) En Servizos Centrais da Atriga:
   - Información expediente existente Imposto Patrimonio;
   - Información expediente existente Xogo e Impostos Medioambientais.

2.2. O DETALLE DOS TRÁMITES, CITADOS NO NÚMERO ANTERIOR, É O SEGUINTE:

a) **Presentación de impostos e información xeral**:

i. ***Vehículos. Información/Presentación Modelo 620***: se queres obter información tributaria xeral do imposto de compravenda de vehículos, resolver dúbidas de como cubrir o modelo 620 ou presentar ese modelo coa súa correspondente documentación

ii. ***Transmisións. Información/Presentación Modelo 600***: se queres obter información tributaria xeral do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, resolver dúbidas de como cubrir o modelo 600 ou presentar dito modelo coa súa correspondente documentación.

iii. ***Sucesións/Doazóns. Información/Presentación Modelos 650-651-660***: se queres obter información tributaria xeral do imposto sobre sucesións e doazóns, resolver dúbidas de como cubrir os modelos 650/D650, 651 ou 660 ou presentar eses modelos coa súa correspondente documentación.

iv. ***Transmisións/Vehículos. Información/Presentación Modelos 600/620***: se queres obter información tributaria xeral do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados ou do imposto de compravenda de vehículos, resolver dúbidas de como cubrir os modelos 600/620 ou presentar eses modelos coa súa correspondente documentación.

v. ***Información e presentación Sucesións, Doazóns, Transmisións e Vehículos:*** se queres obter información tributaria xeral do imposto sobre sucesións e doazóns, do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados ou do imposto de compravenda de vehículos, resolver dúbidas de como cubrir os modelos 650/D650, 651, 660, 600 ou 620 ou presentar calquera de eses modelos coa súa correspondente documentación.

vi. ***Presentación Sucesións, doazóns, transmisións e vehículos***: se queres presentar calquera dos seguintes modelos 650/D650, 651, 660, 600 ou 620 coa súa correspondente documentación.

Lembra que, para todos os trámites que impliquen a presentación de modelos, ***debes acudir co modelo cuberto***. Podes confeccionalo a través da Oficina Virtual Tributaria ou adquirilo nos distintos estancos autorizados para a súa venda no ámbito de cada Delegación da Atriga ou nas Oficinas de Distrito Hipotecario.

No seu caso, tamén deberás acudir coa cota tributaria ingresada nalgunha das entidaddes de crédito colaboradoras. Se a cota tributaria ingresada nalgunha das entidades crédito que colaboren para ese efecto. Con todo, se a cota tributaria a ingresar é igual ou inferior a 5.100 €, podes realizar o pago mediante tarxeta de débito ou crédito no Terminal Punto de Venda (TPV) físico da Delegación da Atriga.

As Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario e as de Distrito Hipotecario NON teñen TPV físico para realizar o pago nas oficinas.

Se quere información sobre a confección dos modelos pode chamar ao teléfono de información que se indica na páxina web da Atriga.

b) Ten en conta que Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario non dispoñen de TPV físico, polo que non é posible realizar o pago con tarxeta nestas oficinas. Se precisas información sobre a confección dos modelos, podes chamar ao teléfono de información ao contribuínte 888 955 800.

Información sobre expediente existente en algún dos impostos xestionados pola Atriga: podes solicitar información sobre un expediente en curso, por exemplo, para acudir a un trámite de audiencia, a un requirimento o consultar algunha actuación realizada pola Administración en relación con un expediente en curso. Para este tipo de trámite a aplicación solicitarache un código seguro de verificación (CSV) ou un código de verificación electrónica (CVE), segundo corresponda. Este código figura no documento emitido pola Administración sobre o que queres realizar la consulta.

c) **Asistencia na confección dos modelos 600 e 620 por funcionario público**. Podes solicitar asistencia para a confección das autoliquidacións correspondentes ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (modelo 600) e ao imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas derivadas da compravenda de determinados medios de transporte usados entre particulares (modelo

620). Este servicio préstase nas Delegacións da Atriga e está suxeito a determinadas condicións e requisitos.

2.3. TRÁMITE DE RECADACIÓN

a) **Información sobre expediente existente en recadación ou embargos:** podes solicitar cita se necesitas acudir a un trámite de audiencia, a un requirimento ou consultar algunha actuación realizada pola Administración en relación cun expediente en curso. Para este tipo de trámite a aplicación pedirache un código seguro de verificación (CSV) ou un código de verificación electrónica (CVE), segundo corresponda. Este código figura no documento emitido pola Administración sobre o que queres realizar la consulta. Como excepción, non é necesario indicar este código cando a cita sexa presencial e a consulta se refira a un expediente de recadación ou de embargos.

A cita para este trámite poderase solicitar en todas as delegacións, así como en Servizos Centrais da Atriga.

b) Solicitar certificado de ausencia de débedas.

Para realizar este trámite, debes presentar o teu DNI. Se solicitas o certificado en nome doutra persoa, tamén debes presentar o documento que acredite a túa representación e unha copia do DNI da persoa á que representas. Podes solicitar cita para este trámite en calquera das Delegacións da Atriga e nos Servicios Centrais.

Realizarase unha solicitude de cita por cada feito impoñible e y trámite.

Exemplo 1: no caso dunha sucesión dun mesmo causante na que existan varios suxeitos pasivos e polo tanto varios modelos 650 bastará con solicitar unha única cita.

Exemplo 2: dúas persoas adquiren un inmoble suxeito ao imposto de transmisións patrimoniais, polo tanto, teñen que presentar dous modelos 600, pero só terán que solicitar unha cita.

Exemplo 3: no caso dun documento sucesorio dun mesmo causante no que existan varios interesados e, polo tanto, varios modelos 660 bastará con solicitar unha única cita.